

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2014/12218. Resolución pola que se aproba a convocatoria de bolsas para os cursos de verán da Universidade Menéndez y Pelayo 2014

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA OS CURSOS DE VERÁN DA UNIVERSIDADE MENÉNDEZ Y PELAYO 2014

Don DIEGO CALVO POUISO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vistos os informes da Sección de Cultura e Deportes e da Secretaria Xeral

RESOLVO

1.º.-Aprobar a convocatoria de bolsas para os cursos de verán da Universidade Internacional Menéndez y Pelayo 2014, segundo as seguintes bases:

1.-Obxecto.

O obxecto da presente convocatoria é a concesión de cento vintecinco bolsas en réxime de publicidade, obxectividade e concurrencia competitiva, destinadas a sufragar os gastos de matrícula dos cursos de verán da Universidade Internacional Menéndez y Pelayo do ano 2014, que se indican:

Encontro: Picasso na Coruña. 1891-1895.

A Coruña. 8 – 10 xullo

Encontro: Xestión dos residuos: marco socioeconómico e ambiental.

Santiago de Compostela. 8 - 10 xullo

Encontro: Moda e medios. Os soportes comunicativos da moda.

A Coruña. 21 – 23 xullo

Obradoiro: Fotografía dixital de nivel intermedio.

Ortigueira. 22 – 24 xullo

Encontro: Criminoloxía e psicoloxía forense.

Riveira. 28 - 30 xullo

Encontro: Os retos da muller traballadora no século XXI.

A Coruña. 10 – 12 setembro

Encontro: Comunicación integral en oncoloxía.

A Coruña. 18 – 20 setembro

Encontro: A Protección xurídica dos menores.

A Coruña. 22 – 24 setembro

Obradoiro: Creación literaria inicial.

A Coruña. 23 - 25 setembro

Encontro: A reforma fiscal que ven.

A Coruña. 29 - 30 setembro

Encontro: A comunicación política hoxe.

A Coruña. 6 - 8 outubro

Encontro: Intervencións paradigmáticas no patrimonio.

A Coruña. 8 - 10 outubro

Encontro: Crise económica e Dereito.

A Coruña. 15 - 17 outubro

Encontro: Arte e emocións.

A Coruña. 22 - 24 outubro

Encontro: Obxectivo común: a reforma do réxime xurídico universitario.

Santiago de Compostela. 19 - 21 novembro

Encontro: A reforma da Ley de Propiedade Intelectual.

A Coruña. 26 - 28 novembro

Na páxina web da UIMP (www.uimp.es) informarase dos cursos citados.

2.-Solicitantes.

A convocatoia de bolsas da Deputación está dirixida, fundamentalmente, a traballadores públicos da Deputación e concellos da provincia da Coruña, así como a membros das corporacións locais, sen perxuízo de que, no caso de existir dispoñibilidade de bolsas vacantes, poida extenderse a súa concesión ó público en xeral.

Non se poderá optar a máis dun curso por solicitante.

3.-Documentación.

3.1.-As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que pode obterse no Rexistro Xeral da Deputación ou na páxina www.dicoruna.es

3.2.-Achegarase a seguinte documentación:

- Fotocopia do documento nacional de identidade ou do documento que regulamentariamente o substitúa.
- Acreditación da condición de traballador público ou membro da corporación local ou, no seu caso, acreditación da situación laboral do solicitante.

4.-Lugar, prazo de presentación da solicitudes.

Os interesados remitirán o formulario de inscrición anexo debidamente cumplimentado e a correspondente documentación ao seguinte correo electrónico: becas.uimp@dicoruna.es

Os prazos de solicitude das bolsas serán os seguintes:

- Para os cursos que se celebran no mes de xullo, ata o día 4 de xullo ás 14.00 horas.
- Para os cursos que se celebran no mes de setembro, ata o día 5 de setembro ás 14.00 horas.

- Para os cursos que se celebran no mes de outubro, ata o día 1 de outubro ás 14.00 horas.
- Para os cursos que se celebran no mes de novembro, ata o día 10 de novembro ás 14.00 horas.

A Deputación publicará na súa páxina web e no taboleiro de anuncios a relación dos titulares das bolsas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos dos solicitantes e para a súa publicación.

5.-Evaluación das solicitudes e resolución da convocatoria.

5.1.–A valoración das solicitudes realizarase de acordo cos seguintes criterios:

- Condición de traballador público ou membro da corporación da Deputación ou Concellos da Provincia.
- Orde de recepción da solicitude, dando preferencia ás máis antigas fronte as máis recentes.
- Localidade de residencia. Terán preferencia os residentes na provincia da Coruña.
- Situación laboral, tendo preferencia os estudantes e os desempregados.
- Breve descripción dos motivos do intereses na asistencia ó curso.

5.2.–A resolución da convocatoria será dada a coñecer mediante a publicación na páxina www.dicoruna.es e no taboleiro de anuncios, e producirá os efectos de notificación ás persoas interesadas.

5.3.–Contra esta resolución, que poñerá fin á vía administrativa, poderán ser interpostos, con carácter potestativo, os seguintes recursos:

Recurso de reposición, ante o presidente da Deputación Provincial, no prazo dun mes.

Recurso contencioso administrativo, ante a xurisdicción contencioso administrativa, no prazo de dous meses.

Ambos os dous prazos contaránse dende o día seguinte ao da notificación da resolución da convocatoria, de conformidade co establecido na base 5.2 desta convocatoria.

A presentación dos recursos sinalados non poderá ser feita con carácter simultáneo.

6.-Obrigas dos bolseiros.

Coa finalidade de acreditar a realización dos cursos, os titulares das bolsas terán que presentar o correspondente diploma ou certificado de asistencia ao curso correspondente, no prazo de dous meses desde a finalización do curso.

Esta documentación será remitida por correo electrónico á dirección becas.uimp@dicoruna.es.

Disposición final.

Para os casos non previstos nas presentes bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento, e as Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación do ano 2014.

Transcurrido o prazo de seis meses dende a publicación da concesión das bolsas, a documentación presentada polos solicitantes que non resultaron adxudicatarios, será destruída.

Os participantes nesta convocatoria aceptan en todos os seus termos as presentes bases e a resolución correspondente, sen prexuízo da presentación dos recursos pertinentes.

2.º.–Ordear a publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 1 de xullo de 2014.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

Diego Calvo Pouso

José Luis Almau Supervía



**Deputación
DA CORUÑA**

CURSOS DE VERÁN UIMP 2014

FORMULARIO DE SOLICITUDE DE BOLSA

CURSO / DATA			
NOME	1.º APELIDO		2.º APELIDO
NIF		TELÉFONO	
E-MAIL			
ENDEREZO			
CP	LOCALIDADE	PROVINCIA	
TITULACIÓN DO SOLICITANTE			
A. No caso de Empleados Públicos			
ADMINISTRACIÓN		POSTO DE TRABALLO	
B. No caso de non pertencer a unha administración pública			
SITUACIÓN LABORAL			
Activo _____	Desempregado _____	Estudante _____	Pensionista _____
BREVE DESCRIPCIÓN DOS MOTIVOS DE INTERESE NO CURSO			

Data:

Sinatura do solicitante